

Normativa específica do “Premio de Outono” de Dúatlon Cros 2019

1.- Compoñen o Premio de Outono de Dúatlon Cros 2019 as tres probas calendadas para os días 17 de Novembro, en Lousame, 24 de Novembro, en Cerdedo-Cotobade, e 15 de Decembro en Carballo.

2.- A participación estará aberta a deportistas con licenza FEGATRI, deportistas con licenza da Federación Galega de Ciclismo (en virtude do convenio en vigor) e deportistas que subscriban “seguro de un día” coa FEGATRI.

3.- A inscrición farase de forma individual para cada unha das probas a través das ligazóns habilitadas na páxina web da FEGATRI, <http://fegatri.org/probas-regulamento/>

4.- Outorgarase premio aos tres primeiros clasificados nas categorías Junior, Absoluta e Veterán, tanto masculino como feminino. Serán entregados ao finalizar a última das probas que compoñen o Premio de Outono.

5.- Cada unha das probas poderá ter, ademais, a súa normativa particular e os premios individuais e colectivos que o organizador considere. Estas normativas estarán tamén dispoñibles en <http://fegatri.org/probas-regulamento/>

6.- Se unha das probas non se chega a celebrar, o Premio virá determinado polas dúas probas que se celebren. E se dúas das probas non se chegan a celebrar, a clasificación do Premio virá determinada pola clasificación da proba que se celebre.

7.- A clasificación final individual do Premio de Outono virá determinada pola **suma dos tempos invertidos polos atletas en cada unha das probas** que o compoñen (sexan tres, dúas ou unha). O que menos tempo invista en realizar as probas todas, será o vencedor.

8.- De cara á clasificación final individual do Premio, so se contabilizarán aqueles competidores que comecen todas as carreiras que o compoñen. Se un competidor comeza unha das probas, pero non consegue rematala, asignaráselle un tempo de 03:00:00 (3 horas) nesa proba.

9.- A non comparecencia dos gañadores na cerimonia de entrega de premios, levará á sanción económica e administrativa contemplada nos estatutos en vigor.